

A REFORMA PROTESTANTE

COMO UN MONXE, MARTÍN LUTERO, CAMBIOU O DESTINO DE EUROPA

Que foi o protestantismo?

Ata o século XVI, todos os cidadáns europeos eran católicos: crían, por suposto, en Deus e Cristo, pero tamén tiñan como rituais adorar aos santos, bautizarse nada máis nacer, confesar os seus pecados ao cura da parroquia, peregrinar a lugares santos onde supostamente xacían restos mortais de mártires da Igrexa... A miúdo, os pecadores, é dicir, a maioría dos cristiáns, pagaban tributos aos curas para que estes intercedesen ante Deus para o perdón dos pecados (indulgencias), e tamén existía un mercado de reliquias de santos (é dicir, pezas que en teoría pertencían a un santo, como podían ser ósos, ou un pedazo de manto) que se cotizaban moito, sendo falsas a inmensa maioría senon todas. Moitos curas vivían de xeito

licencioso, é dicir, incumplían o celibato (mantiñan relación carnisais que lles estaban prohibidas), así que xa durante a Idade Media existiran moitas críticas entre os propios eclesiásticos por estas maneiras de proceder. Pero non foi ata 1517 cando un teólogo (estudioso da biblia) alemán colgou da porta da igrexa de Wittenberg 95 teses, é dicir, ideas e esixencias, dirixidas ao Papa de roma, criticando os abusos da Igrexa. Pretendía non crear un cisma ou ruptura co Papa, senón acabar cos abusos e reformar profundamente a Igrexa, que estaba moi desmadrada! Sen embargo, os nobres do Sacro Imperio, do que formaba parte Alemaña daquela, acabaron por non aceptar as esixencias do Papa de estar caladiños e iniciouse unha guerra que ter-



mina coa victoria dos "protestantes" (porque lle protestaban ao Papa) coa firma da Paz de Ausburgo en 1555. A partir deste momento, en todo o centro de Europa excepto Francia, os habitantes de cada rexión crían no mesmo credo do seu soberano (habitualmente príncipes, que só tiñan o poder en pequenos reinos). Pero tras isto comezarían guerras entre os estados alemáns, pois cada un cría nun credo protestante diferente! Todo un lío!

As crenzas dos protestantes

Como cada líder protestante tiña unas ideas distintas sobre como reformar a fe cristiá, nuns sitios apoian a Lutero, noutros as ideas de Calvino, noutros as dos anabaptistas, noutros as do propio rei (os anglicanos, en Inglaterra) e

xorden tamén sectas de todo tipo que tras a persecución e represión dos grupos maioritarios desaparecerán. A idea dos defensores de cada doutrina é que o maior número de persoas crean no mesmo que eles. Todos os protestantes teñen en

común que foron buscar á Biblia os fundamentos verdadeiros do cristianismo, e desfixéronse do que consideraron algúns costumes prescindibles, que a Igrexa foi incorporando cos anos e que non foran ordenadas por Xesús (sacramentos)

Actividades

1. Explica o que son os sacramentos e di cales son os sacramentos do catolicismo, do luteranismo, do calvinismo, do anglicanismo e do puritanismo.
2. Investiga o que foi o Anabaptismo (onde xurdiu, cando, quen foron os seus líderes, en que crían, que aconteceu cos seus seguidores...) e elabora unha redacción orixinal, como se tiveses que ir a publicala nun xornal de prestixio. Engade ao final a Bibliografía e Webgrafía, é dicir, aquelas fontes de onde sacaches a información, que deben ser serias (recorda que a profe comprobará todas as frases para ver se foron extraídas daígunha páxina de internet ao pe da letra). Recómendase facelo a man, e pódense incluír fotos e debuxos. Ánimo!
3. Le o artigo para aumentar os teus coñecementos https://elpais.com/cultura/2017/10/31/actualidad/1509436414_540249.html

MARTIN LUTHER



Escea do film Lutero(2003, Eric Till)



O activista contra a segregación racias Martin Luther King



95 teses de M. Lutero

A moitos vos soará máis Martin Luther King que Martin Luther (o orixinal), pero sen a existencia do un non tería tido lugar o outro! Martín Lutero foi un teólogo (estudoso da Biblia, profesor de universidade, monxe, erudito dos textos e das letras antigas, e ata escribiu sobre política, aínda que cunhas ideas pouco relevantes). Criticou os abusos da Igrexa e, sen pretendelo, foi excomulgado polo Papa de Roma, provocándose un cisma ou ruptura entre uns e outros cristiáns de Europa. Moitas veces preguntámonos por que os países europeos do centro e norte están relativamente máis avanzados que nós en medidas sociais, económicas, educacionais... Algo ten que ver con que no século XVI houbera un repensamento da relixión e da sociedade nestes países. Os países do sur, como Italia e España, cuxos líderes nas guerras de relixión defenderon os intereses do Papa, perdimos eses territorios nos sucesivos enfrontamentos bélicos, e quedamos desconectados dos seus avances, máis centrados na racionalidade e non tanto na relixión e na superstición. Ademais, aquí produciuse a chamada CONTRARREFORMA, que foron un cúmulo de medidas destinadas a fortalecer o catolicismo na sociedade a través do medo (o tribunal da inquisición) e o reforzamento das costumes cristiás, promocionando o credo católico mediante as procesións de santos, festas relixiosas e a exuberante arte barroca.

A CONTRARREFORMA

Ante o desafío que supoñían os protestantes para a Igrexa católica, que temía perder máis fieis, ao longo do século XVI realizáronse reunións varias (chamadas o *Concilio de Trento*, pois teñen lugar en Trento, Italia). Nelas, os máis altos representantes da Igrexa intentarían definir a doutrina católica e disciplinar aos seus membros. San Ignacio de Loyola foi ao catolicismo o que Lutero ao protestantismo, é dicir, o seu principal pensador. Nos seus *Exercicios Espirituais* (c. 1534) propón un plan de medidas para reforzar no clero e na sociedade a doutrina e prácticas católicas. Escribiu unha serie de regras a ter en conta polos católicos, e na oitava di: "*alabar ornamentos e edificios de igrexas; así mesmo imaxes e veneralas segundo o que representan*". Os reformistas católicos promocionarán a arte sacra, incluído o mecenazgo, por iso a arte española do Barroco (século XVII) vai a ser moi rica e valoradísima no mundo enteiro.



Santa Lucía, de Zurbarán, National Gallery, Washington